



No curso 2000 foron aprobados os planos de estudos das Licenciaturas en Medicina e en Odontoloxía que se imparten na Facultade de Medicina e Odontoloxía para adecualos á normativa vixente .

A Orde do 11 de setembro de 1991 pola que se determinan as titulacións e mailos estudos de primeiro ciclo e os complementos de formación para o acceso ás ensinanzas conducentes á obtención do título oficial en Odontoloxía establece que poderán acceder a esta titulación os que teñan superado o primeiro ciclo da Licenciatura en Medicina e ademais superen como complementos de formación, as materias troncais do primeiro ciclo da Licenciatura en Odontoloxía correspondentes ás materias previstas na Directiva 78/687/CEE que non teñan cursado.

Vista a Directiva citada e mailos Reais Decretos de directrices xerais propias das titulacións de Medicina e Odontoloxía e logo da consulta ó centro compre determinar os complementos de formación que deberán cursar os alumnos que superaron o primeiro ciclo de Medicina e pretendan acceder ó segundo ciclo da titulación de Odontoloxía ó abeiro da orde do 11 de setembro de 1991 polo que este rectorado

RESOLVE

Primeiro.-Os complementos de formación que deberá cursa-lo alumnado que acceda ó segundo ciclo de Odontoloxía, procedente dun primeiro ciclo de Medicina son os que a continuación se indican:

Materias que deberán cursar integramente	Teoría	Práct.	Total cred.
<i>Materiais Odontolóxicos, equipamento, instrumentación e Ergonomía (A)</i>	4.5	7.5	12
<i>Fisioloxía Humana Bucodental (1º C)</i>	4	0.5	4.5
<i>Especialidades Médico-Cirúrxicas (2º C)</i>	4.5	1.5	6
Contidos formativos que deberán superar, incluídos nas materias troncais, do primeiro ciclo de Odontoloxía			
<i>Bioloxía e Histoloxía Humana (Xeral e Bucodental) (C.Formativo de Bioloxía e Histoloxía Bucodental)</i>	1.5	0.5	2
<i>Anatomía Humana Xeral e Bucodental (C. Formativo de Anatomía Bucodental)</i>	2	3	5
<i>Microbioloxía Xeral e Bucal (C. Formativo de Microbioloxía Bucodental)</i>	1.5	0	1.5
<i>Radioloxía Xeral, Medicina Física e Física Aplicada (C. Formativo de protección radiolóxica)</i>	1.5	0	1.5

Segundo.- Tódalas materias e mailos contidos formativos inclúense, a efecto de docencia, nas materias troncais do primeiro ciclo de Odontoloxía que teñan igual denominación. No caso dos contidos formativos os responsables da docencia deberán



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

adapta-los programas para adecualos á carga lectiva que corresponde ó complemento de formacion.

Terceiro.- O alumnado procedente do primeiro ciclo de Medicina do plano 2000 que teña superado a materia optativa *Protección radiolóxica*, non terá que cursar os 1.5 créditos de contidos formativos da materia *Radioloxía Xeral, Medicina Física e Física Aplicada*.

Cuarto.- No curso 2003/2004 non se establece límite de prazas para o acceso ó segundo ciclo de Odontoloxía, de tal xeito que os alumnos que pretendan acceder ó segundo ciclo de Odontoloxía poderán matricularse no prazo ordinario de matrícula.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2001

O RECTOR

Senén Barro Ameneiro

Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano da Facultade de Medicina e Odontoloxía, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sra. Xefe do Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica, Sr. Xefe da UXA do Campus Norte, Sr. Responsable Académico do SEIN e Sr. Director do COIE e Rexistro.